

Como mola este libro, bro!

Índice

1. Análise dunha obra narrativa	2
2. Os signos de puntuación	4
3. Os tempos verbais	6
4. As propiedades textuais	7
5. As partes da carta	8
6. Linguas da Península ibérica: o catalán e o éuscaro	9

1. Análise dunha obra narrativa

1.1. Autoría, editorial e ilustracións

Autoría:

A persoa máis importante na creación da obra é o autor ou a autora, quen imaxina a historia e a escribe. Exemplo: Andrea Maceiras, Agustín Fernández Paz e María Reimóndez son dúas autoras e un autor da literatura galega.

Editorial:

Os editores e as editoras encárganse de publicar a historia do autor ou da autora. Antes de publicala, revisan a redacción para que non teña erros e tamén lle dan un formato característico. Finalmente, a editorial publica o libro e encárgase de poñelo á venda nas librarías. Algunhas editoriais galegas son Xerais, Galaxia, Aira, Cuarto de inverno, Kalandraka...

Ilustracións:

Hai moitos libros nos que a historia escrita vai acompañada de ilustracións. Os debuxos son moi importantes na literatura infantil e a persoa encargada de realizalos é o ilustrador ou a ilustradora.

Tradución:

Por último, a historia pódese traducir a outras linguas para que teña unha maior difusión. Deste traballo encárganse os tradutores e as tradutoras.

1.2. Personaxes

Os personaxes son o motor de calquera historia, os que fan que a acción avance.

Personaxes principais e personaxes secundarios

- Os **personaxes principais** son os máis importantes, aqueles que teñen un **papel** máis relevante no desenvolvemento da historia. Dentro dos personaxes principais, podemos distinguir entre o **protagonista** e o **antagonista**. O protagonista é o personaxe central, en torno ao cal xira a historia. O antagonista oponse ao protagonista, é, por así dicilo, "o malo da historia".
- Os **personaxes secundarios** teñen un papel menos importante, aparecen ocasionalmente ao longo da historia.

Personaxes reais e personaxes imaxinarios

- Os **personaxes reais** son aqueles que existiron ou que poderían existir na realidade, que actúan como seres do mundo real.
- Os **personaxes imaxinarios** son seres fantásticos, que non teñen correspondencia no mundo real.

Personaxes planos e personaxes redondos

- Os **personaxes planos** son máis simples, aparecen pouco caracterizados e non evolucionan ao longo da historia.
- Os **personaxes redondos** son máis complexos, descríbense con moito detalle e van evolucionando ao longo da historia.

1.3. O espazo

O espazo é o lugar ou o conxunto de lugares nos que se desenvolve a historia. Podemos distinguir entre:

- Espazos reais e espazos imaxinarios.
- Espazos urbanos e espazos rurais.
- Espazos abertos e espazos pechados.

1.4. O tempo

O tempo é a época na que se desenvolve a historia. Cando abrimos un libro podemos situarnos na época actual, na Idade Media, na II Guerra Mundial, no antigo Exipto... ou tamén viaxar ao futuro e situarnos, por exemplo, no próximo milenio. As posibilidades da literatura son infinitas!

Por outra banda, as accións da historia poden presentarse ordenadas cronoloxicamente ou non. Deste xeito, distinguimos entre orde lineal e orde non lineal:

- **Orde lineal:** as accións da historia preséntanse ordenadas cronoloxicamente, desde o principio ata o remate. Os contos clásicos adoitan seguir este tipo de orde.
- **Orde non lineal:** o relato das accións presenta saltos temporais. O máis habitual é que se produzan saltos cara ao pasado. Este desprazamento da historia ao pasado denomínase analepse e é bastante frecuente nas novelas.

1.5. O narrador

Para que haxa historia, alguén ten que contala e esa é a función do narrador. Estes son os tipos de narrador máis frecuentes:

Narrador interno

Cando o narrador se sitúa dentro da historia falamos dun narrador interno. É un personaxe máis. Dependendo da súa importancia como personaxe falamos de narrador protagonista ou narrador testemuña.

- **Narrador protagonista:** cando o protagonista nos narra en 1ª persoa a súa propia historia falamos dun narrador protagonista.
- **Narrador testemuña:** cando o narrador é un personaxe secundario, falamos de narrador testemuña.

Narrador externo

O narrador externo non participa nas accións narradas, senón que se sitúa fóra da historia e exprésase en 3ª persoa. Moitas veces, o narrador externo é un narrador omnisciente.

- **Narrador omnisciente:** o narrador omnisciente sábeo todo sobre os acontecementos narrados e sobre os personaxes: que fan, como actúan, como pensan, o seu presente e o seu pasado...

2. Os signos de puntuación

Para redactar é moi importante atender á puntuación do noso texto. A continuación presentamos unha serie de regras para aprender a usar correctamente a coma, o punto e os dous puntos.

2.1. A coma (,)

A coma (,) serve para marcar unha pausa breve no enunciado. Úsase nos seguintes casos:

- Para separar os **elementos dunha enumeración**, agás o último termo, que pode ir precedido das conxuncións *e*, *nin* ou *ou*: *Van ir Xoán, Ana, Pedro e Xiana.*
- Cando queremos **nomear a alguén**: *Micaela, anda amodo!*
- Cando a **subordinada** vai antes cá principal: *Cando veñas, falamos detidamente.*
- Ao **omitir o verbo**: *A miña irmá é moi falangueira, eu non quedo atrás.*

- Coas **expresións** en primeiro lugar, finalmente, é dicir, por tanto...: *Son de Mondoñedo, é dicir, son mindoniense.*
- Nas **aclaracións** dentro dunha oración: *Rosalía de Castro, que foi unha escritora do século XIX, escribiu Follas Novas.*
- Para **separar o lugar e a data** nas cartas ou outros documentos: *Monforte, 15 de xaneiro de 2025*
- Nos **enderezos** úsase para separar o nome da rúa, praza ou lugar do número: *Rúa Castelao, 39*

Lembra que a coma vai colocada inmediatamente despois da palabra anterior e déixase un espazo coa palabra posterior.

2.2. O punto (.)

O punto emprégase nas pausas longas. Podemos distinguir tres tipos de punto:

- **Punto e seguido:** úsase para separar enunciados dentro do mesmo parágrafo.
- **Punto e á parte:** separa parágrafos dentro dun texto.
- **Punto e final:** indica o final da peza.

Despois do punto a palabra seguinte comeza por letra maiúscula. Tamén pasa o mesmo cos signos de interrogación (?) e exclamación (!), que ás veces funcionan como un punto.

Lembra que o punto vai colocado inmediatamente despois da palabra anterior e déixase un espazo coa palabra posterior.

2.3. Os dous puntos (:)

Os dous puntos utilízanse para indicar unha pequena pausa antes do discurso que se presenta a continuación. Exemplo: *Traía moita roupa: unha cazadora, unha bufanda, un xerseí e unhas botas de inverno negras.*

- Úsanse nas cartas, despois das palabras da **cabeceira**: *Querida mestra:*
- Úsanse despois dunha **cita literal**: *Ela dixo: "Non quero problemas".*
- Empréganse antes dunha **enumeración**: *Teño que ir ao supermercado mercar: ovos, patacas, aceite e leite.*

Lembra que a coma vai colocada inmediatamente despois da palabra anterior e déixase un espazo coa palabra posterior.

3. Os tempos verbais

O verbo é unha clase de palabra que expresa acción, movemento, proceso, estado...

Os verbos poden ser regulares ou irregulares.

- Os **verbos regulares** manteñen a raíz en toda a conjugación (*amar, comer, partir*).
- Nos **verbos irregulares** a raíz varía (*haber, ser, facer...*).

3.1. O tempo e o modo

O **tempo verbal** indica o momento en que a acción transcorre. Pode ser:

- a) **Presente**: referido ao momento actual: *Hoxe vou ao cine*.
- b) **Pasado**: referido a un momento anterior: *Foi un neno moi durmiñón*.
- c) **Futuro**: referido a un momento posterior: *Viaxarei o vindeiro mes*.

O **modo verbal** sinala a forma de presentar a acción. Pode ser:

- a) **Indicativo**: refírese a un feito real: *A primavera é unha das catro estacións*.
- b) **Subxuntivo**: pode referirse a un desexo, dúbida, hipótese...: *Oxalá aprobe o exame*.
- c) **Imperativo**: indica orde, petición ou rogo: *Vinde aquí xa!*

Podemos clasificar a conjugación verbal nos seguintes modos e tempos:

- a) Indicativo: presente, copretérito, pretérito, antepretérito, futuro e pospretérito
- b) Subxuntivo: presente e pretérito
- c) Imperativo: presente

3.2. A correlación temporal dos tempos

A correlación temporal dos verbos consiste na correspondencia que se establecen entre as formas verbais nun discurso. É dicir, debemos á hora de redactar ter en conta o tempo verbal (presente, pasado ou futuro) e manter unha coherencia ao longo do discurso.

Exemplo: *Cheguei tarde porque quedei durmida*. Aquí, os dous tempos están en pasado, concretamente en pretérito de indicativo.

3.3. A concordancia verbal

A concordancia verbal consiste na relación que hai entre o suxeito e o verbo dunha mesma oración. O suxeito e o verbo deben coincidir no número. É dicir, se o verbo está en singular tamén o estará o suxeito. Así, se o suxeito está en plural, o verbo irá en plural.

Exemplo: *Eu son unha alumna de 1º de ESO*. Neste exemplo podemos observar que o suxeito (eu) está en singular e o verbo (son) tamén está en singular.

4. As propiedades textuais

4.1. Adecuación

O texto debe **adaptarse á situación comunicativa**: no caso da carta, por exemplo, debemos ter en conta a estrutura segundo sexa unha carta dirixida á administración, unha carta a un amigo, unha carta dirixida a outros centros, etc. Tamén debemos ter en conta o rexistro (formal ou informal).

Exemplo: Unha carta a un amigo ten unha estrutura diferente e un saúdo e unha despedida cun grao de formalidade distinta a unha carta enviada polo Concello.

4.2. Cohesión

Trata sobre a **conexión dos distintos elementos do texto**. Para iso, podemos utilizar varios mecanismos: uso de sinónimos, hiperónimos, pronomes, demostrativos, posesivos, repetición de palabras, conectores textuais...

Pero que son os conectores textuais? Poderíamos definilos como elementos de unión que nos axudan a relacionar as ideas dun texto coa finalidade de que teña un sentido completo. A continuación tes unha selección de conectores textuais agrupados por tipos:

- **Conectores temporais**: antes, despois, mentres, a continuación, finalmente, por último...
- **Conectores espaciais**: Ao lado, á beira, á esquerda, á dereita, no interior, arriba...
- **Conectores de adición**: e tamén, adenais, incluso, á parte, así mesmo...
- **Conectores de causa-efecto**: porque, xa que, pois, por conseguinte, daquela, entón, en efecto, polo tanto...
- **Conectores de finalidade**: para que, a fin de que, co obxecto de, coa finalidade de...
- **Conectores de oposición / obxección**: en cambio, no obstante, porén, en troques. a pesar de que, malia, aínda que..
- **Conectores de conclusión**: finalmente, en conclusión, en consecuencia, en fin, a fin de contas...

4.3. Coherencia

A coherencia é unha característica que consiste en **presentar a información** do texto **dunha maneira clara, ordenada**, coa información **organizada lxicamente** e que o texto poida ser posible interpretalo. Non debe haber contradicións. É moi importante que cada parágrafo faga referencia a unha idea.

Exemplo: *Era unha persoa moi rica. É dicir, non tiña un can.* Nestas oracións hai unha contradición, xa que se dicimos na primeira oración que a persoa é moi rica non podemos afirmar na segunda que non tiña un can.

4.4. Gramaticalidade

Podemos definir a gramaticalidade como a propiedade do texto que se centra en que se sigan as **normas ortográficas** (uso de *b/v*, os signos de puntuación, os acentos, as maiúsculas...) e tamén do **uso correcto das palabras** (substantivos, adxectivos, verbos...), ademais do emprego axeitado do léxico.

4.5. Presentación

Nesta propiedade textual debemos anteder á limpeza do escrito, á claridade da letra, ás marxes, á división en párrafos, etc. Isto facilitará a lectura do texto e a súa comprensión.

Exemplo: Ao redactar unha carta debemos evitar os borranchos, coidar as marxes e seguir a estrutura propia da carta.

5. As partes da carta

- **Lugar:** ao comezo dunha carta cómpre poñer o lugar desde o que se escribe.
- **Data:** xunto ao lugar, ponse tamén a data (día, mes e ano) no que escribimos.
- **Saúdo ou encabezamento:** o saúdo (que tamén se coñece como encabezamento se é máis formal) é a fórmula coa que iniciamos a carta. Consiste nunha frase para dirixirnos á persoa que a vai ler.
- **Introdución:** a introdución é a primeira parte do corpo da carta. Nela empezamos a expoñer o asunto do que imos falar na carta, dun xeito sinxelo para que a persoa que le teña claro de que se lle vai falar.
- **Contido:** o contido é a parte máis extensa do corpo da carta, e a máis importante de todo o documento. É onde transmitimos a información ou as informacións principal que anunciamos na introdución.
- **Conclusión:** na conclusión temos que concretar ou resumir o que dixemos, e como moito podemos engadir unha última información que sexa importante.

- **Despedida:** Do mesmo xeito que empezamos a carta saudando a persoa que a ía ler, na despedida temos que facerlle saber que xa non imos engadir máis nada. A despedida, coma o saúdo, tamén varia segundo a confianza que teñamos coa persoa que le. Non nos despedimos igual da nosa avoa ca do noso profesor, ou dun amigo ca da directora do instituto.
- **Sinatura:** na sinatura temos que poñer o noso nome, que pode ir acompañado dunha rúbrica se estamos escribindo a man.

6. Linguas da Península ibérica: o catalán e o éuscaro

6.1. O catalán

O catalán é unha lingua románica que se fala en **Cataluña**, nas **Illas Baleares** e na **Comunidade Valenciana**. Nestes territorios é lingua oficial: está recoñecida na lexislación destes territorios, emprégase nos documentos e nos actos públicos, estúdase nas escolas, hai canles de televisión en catalán...

O catalán tamén se emprega no leste de Aragón (na denominada Franja de Ponent) e nunha zona de Murcia (El Carche), pero nestas dúas comunidades non é oficial.

Por último, o catalán está presente tamén noutros territorios fóra do Estado español:

- É a lingua oficial de **Andorra**.
- Fálase no sur de Francia, na zona do **Rosellón francés**.
- É, xunto co italiano, lingua cooficial da cidade sarda de **L'Alguer**.

6.2. O éuscaro

O éuscaro é falado no **País Vasco** e en boa parte de **Navarra**. Nestes territorios é lingua oficial.

Tamén se emprega o éuscaro no **sur de Francia**, no territorio coñecido como Iparralde ou País Vasco francés.

O éuscaro é unha lingua moi diferente ao galego xa que non é unha lingua románica. De feito, o éuscaro non pertence a ningunha familia lingüística. É o que as/os lingüistas denominan unha lingua illada.

6.3. Outras linguas

Ademais do galego, do catalán, do éuscaro e do castelán, no Estado español fálanse outras linguas, pero quizais non sexan tan coñecidas porque non son oficiais.

Sóanche a **lingua asturiana** (ou astur-leonés) e a **lingua aragonesa**? A primeira fálase en Asturias e parte de Zamora, mentres que o aragonés se emprega no norte da provincia aragonesa de Huesca.

Ao non seren oficiais nos seus territorios, non teñen moita presenza nos ámbitos públicos e isto fai que corran máis risco de perderse. Con todo, que non sexan oficiais non significa que sexan menos importantes nin valiosas.



“Material descargable: Como mola este libro, bro!”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons - Recoñecemento - Non comercial - Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)